# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36015159 | IES Chan do Monte | Marín | 2025/2026 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Latín | 4º ESO | 3 | 105 |

| Tipo de oferta |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 14 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 16 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 17 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 18 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 19 |
| 7.2. Actividades complementarias | 20 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 20 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 22 |
| 9. Outros apartados | 22 |

## 1. Introdución

O IES Chan do Monte localízase na vila de Marín, localidade íntimamente vencellada co mar e as actividades económicas derivadas: pesqueiras, loxística portuaria, industria conserveira e auxiliar así coma o reclamo turístico das súas praias. O alumnado da ESO chegado ao noso centro provén esencialmente das localidades de Seixo, Ardán e Mogor áreas maioritariamente residenciais vencelladas á vila de Marín e á cidade de Pontevedra para grande parte dos servizos e onde todavía se manteñen actividades de cultivo e gandaría de autoconsumo.
A materia está organizada arredor dos distintos aspectos da lingua, a cultura e a civilización latinas, así como das estratexias que permiten establecer unha relación crítica entre estas e o presente, contribuíndo e fomentando o desenvolvemento persoal e social do alumnado e a transmisión de valores universais. Deste xeito, combina os aspectos estri-tamente lingüísticos con outros de carácter literario, arqueolóxico, histórico, social, cultural e político, permitíndolle ao alumnado que a cursa, non sendo unha materia obrigatoria, ampliar o seu coñecemento sobre estes aspectos. Os primeiros implican unha reflexión profunda sobre o funcionamento non só da lingua latina, senón tamén da lingua de ensino e daquelas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. A inclusión das linguas clásicas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, sitúa o latín e o grego como ferramentas para a aprendizaxe e a comprensión de linguas en xeral, contribuíndo e fomentando a diversidade lingüística e a relación entre as linguas desde unha perspectiva democrática e libre de prexuízos. Doutra banda, a materia permite establecer un diálogo co pasado que axude a entender o presente desde unha perspectiva lingüística, pero tamén desde o punto de vista literario, arqueolóxico, histórico, social, cultural e político. Nese diá-logo teñen cabida, ademais, os procesos de conservación, preservación e restauración do patrimonio cultural latino, que lle ofrecen ao alumnado a posibilidade de se comprometer co legado da civilización clásica desde unha perspectiva sustentable e comprometida co futuro.
Os obxectivos de Latín na educación secundaria obrigatoria recollen ese diálogo entre presente e pasado, que se formula a partir de tres eixes principais: situar no centro a reflexión humanista sobre o carácter clásico do legado latino, tanto material como inmaterial, fomentando a comprensión crítica do mundo actual; con-tribuír á mellora da competencia plurilingüe, favorecendo a reflexión do alumnado sobre o funcionamento das linguas que conforman o seu repertorio lingüístico; e ofrecer unha introdución aos rudimentos e técnicas de comprensión dos textos latinos e, de ser o caso, do uso escrito e/ou oral da lingua latina como medio fundamental para o coñecemento da cultura latina e o proceso de transmisión dos textos, e para a percepción do valor comuni-cativo da lingua latina.
A materia de Latín de 4.º de ESO comprende distintos bloques de contidos de igual importancia, mais que non poden recibir nin unha mesma asignación horaria, nin un mesmo peso á hora de avaliar a materia. Esta programación priorizará os contidos de natureza lingüística, que representarán o 70 % do peso na cualificación final, fronte aos contidos de tipo históricos, social, cultural, etc., que representan o 30 %. A distribución de cada unidade didáctica está pensada para seguir ese criterio.
Fica, finalmente, un aspecto por tratar: o alcance dos contidos gramaticais. Á hora de elaborar esta programación partiuse dunha dobre premisa. Por unha banda, a materia de Latín de 4.º de ESO debe ser considerada como o primeiro ano de lingua latina para o alumnado que opte polo Itinerario de Humanidades no bacharelato. Por outra, debe ser considerada como un achegamento á lingua latina para o alumnado que posteriormente non escolla a devandita modalidade de bacharelato ou ben opte por outro tipo de estudos. Así pois, optouse por abordar uns contidos reducidos para potenciar, porén, a aprendizaxe reflexiva da gramática básica e a dunha grande cantidade de vocabulario tamén básico, no que se inclúen fórmulas comunicativas orais e escritas.
Neste curso temos tres alumnas matriculadas.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente. | 2 | 2-3 | | | | 1 | | 1 |
| OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural. | | 2-3 | 1 | | | | 3 | |
| OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental. | 2 | 1-2 | 1 | | 4 | | | 1 |
| OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín. | 2 | 2-3 | 1 | 2 | | | | |
| OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade. | | 3 | | 1-3 | | 1-4 | | 1-2 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | UBI SUMUS | 1- Orixe da lingua latina e a súa diversificación<br>2- A lingua latina e a súa evolución (o alfabeto e evolución as linguas romances) Palabras patrimoniais e cultismos. | 25 | 45 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | UBI SUMUS | Dobletes.<br>Cada unha das unidades ten ademais apartados de :<br>- Pervivencia do latín,<br>- Loquamur latine<br>- Mitoloxía | 25 | 45 | X | | |
| 2 | SPQR | 1- 2ª declinación. Presente de indicativo<br>2º- Adxectivos de 1ª clase. Pto imperfecto de indicativo<br>3- Futuro imperfecto de indicativo<br>4º- 3ª declinación substantivos. Temas de perfecto: pto perfecto<br>5º- 3ª declinación adxectivos. Pto pluscuamperfecto de indicativo<br>6º- Organización política e social<br>Cada unha das unidades ten ademais apartados de :<br>- Pervivencia do latín,<br>- Loquamur latine<br>- Mitoloxía | 35 | 35 | | X | |
| 3 | CURA TE IPSUM | 1- 4ª e 5ª declinación<br>2- Formas nominais do verbo: infinitivo<br>3- A voz pasiva. A oración pasiva<br>4- Participio<br>5- Recapituiación<br>6º- A familia.<br>Cada unha das unidades ten ademais apartados de :<br>- Pervivencia do latín,<br>- Loquamur latine<br>- Mitoloxía | 40 | 25 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | UBI SUMUS | 45 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada. | Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diver¬sas manifestacións literarias e artísticas (mitoloxía e fábulas). | PE | 71 |
| CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio | Identificar a evolución vocais e consonnates en palabras patrimoniais usales en castelán e galego. | | |
| CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente. | ,Utilizar de forma adecuada e coherente latinismos e locuciones latinas tendo en conta o contexto comunicativo. | | |
| CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | | |
| CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | Declinar axeitadamente palabras das declinacións (1.ª, 2.ª, 3.ª) e conxugar verbos regulares e o irregular copulativo (tema de presente); comparar estes mecanismos cos da propia lingua | | |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | Traducir oracións simples copulativas e predicativas captando o sentido achegado por usos básicos dos casos (N,V, Ac, G, D, Ab). | | |
| CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | Usar as estruturas predicativas e copulativas para producir oracións en latín. | | |
| CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada. | Explicar o carácter clásico de manifestacións artísticas e literarias, como as fábulas | | |
| CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas. | Identificar en manifestacións artísticas actuais temas e personaxes mitolóxicos, en especial nos ámbitos audiovisuais. | | |
| CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade. | Identificar en manifestacións artísticas actuais temas e personaxes mitolóxicos, en especial nos ámbitos audiovisuais. Presentar exemplos da pervivencia de temas e personaxes clásicos da literatura e a mitoloxía, tras un traballo de investigación realizada en grupos colaborativos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto en que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade. | Interpretar o contido de textos latinos orixinais e adaptados relacionados coas fábulas e a aprendizaxe que se desprende das mesmas. | TI | 29 |
| CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural a que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos. | Identificar semellanzas e diferenzas de elementos lingüísticos da contorna a partir do aprendido sobre a evolución do latín. | | |
| CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal. | Planificar e producir textos sinxelos, usando vocabulario latino adecuado e en situacións de comunicación relacionadas coa vida cotiá (saudar, xogar, , expresar gustos, explicar chistes¿). | | |
| CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina. | Describir produtos artísticos actuais relacionados coa mitoloxía. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.<br>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.<br>- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.<br>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...<br>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.<br>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.<br>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.<br>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.<br>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.<br>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de |

| Contidos |
|---|
| - formantes latinos.<br>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.<br>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.<br>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.<br>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.<br>- Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal.<br>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.<br>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.<br>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios.<br>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.<br>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.<br>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.<br>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.<br>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.<br>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.<br>- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.<br>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.<br>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | SPQR | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos. | Identificar e nomear fitos históricos de Roma asi como aos personaxes históricos máis relevantes e de maior influencia na actualidade. | PE | 69 |
| CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados. | Identificar semellanzas e diferenzas de elementos lingüísticos da contorna a partir do aprendido sobre a evolución do latín. | | |
| CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio | Inferir significados de termos Identificar a evolución de consonantes en palabras patrimoniais usuais en castelán e galego; explicar a evolución dalgunhas categorías gramaticais do latín ás linguas de uso. | | |
| CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente. | Incorporar latinismos e locuciones latinas en textos e mensaxes habituais tambo en situacións cotiás como académicas. | | |
| CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | Explicar o significado de palabras a partir do étimo latino que conteñen, distinguindo os posibles dobretes nalgúns casos. | | |
| CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. | Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, Comparar o uso de adverbios, pronomes, numerais, de construcións de participio de infinitivos¿ en latín e nas linguas de uso e de estudo. | | |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | Traducir ou interpretar textos sencillosque conteñan tódalas declinacións e os verbos en activa. Identificar estruturas como construcións de infinitivo e de participio presente. | | |
| CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | Practicar a retroversión de oracións que expresen circunstancias de lugar e tempo. | | |
| CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade. | Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da inves¬tigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina. | Describir o significado dalgúns produtos culturais do presente, non contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina. | TI | 31 |
| CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural a que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos. | Identificar e apreciar a variedade de linguas que deu orixe o latín, extraendo elementos comúns e diferenciais. | | |
| CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal. | Planificar e producir textos sinxelos, usando vocabulario latino adecuado e en situacións de comunicación relacionadas coa vida cotiá (saudar, xogar, , expresar gustos, explicar chistes¿). Usar expresións que respondan a preguntas como unde venis, ubi estis, qua vados, quo vadis, quamdiu¿ | | |
| CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina. | Describir produtos artísticos actuais relacionados coa historia de Roma. | | |
| CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado. | Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da con-torna. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítica da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.<br>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.<br>- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.<br>- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.<br>- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.<br>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...<br>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.<br>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. |

| Contidos |
|---|
| - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.<br>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.<br>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.<br>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.<br>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.<br>- Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal.<br>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.<br>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.<br>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios.<br>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.<br>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.<br>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.<br>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.<br>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.<br>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.<br>- Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana.<br>- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.<br>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.<br>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | CURA TE IPSUM | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes. | Comparar xustificadamente os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana máis salientables en comparación cos das sociedades modernas. | PE | 74 |
| CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos. | Identificar os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos. | | |
| CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio | Empregar na a expresión oral e escrita latinismos e locucións usuais de orixe grecolatina de maneira coherente. | | |
| CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. | Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos. | | |
| CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada. | Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a co¬rrespondencia entre o texto latino e a versión realizada. | | |
| CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina. | Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as declinacións, a voz activa e algúns pronomes estruturas. | | |
| CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada. | Comentar manifestacións artísticas diversas, como o teatro, usando un vocabulario adecuado. | | |
| CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade. | Inves¬tigar o legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente seleccionar información, contrastala e organizala a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados. | Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextuali¬zándoo e identificando as referencias sociais que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados. | TI | 26 |
| CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente. | Empregar na a expresión oral e escrita latinismos e locucións usuais de orixe grecolatina de maneira coherente. | | |
| CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal. | Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos compren¬sibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, relacionados coa alimentación, as profesións¿, pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.<br>- Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítica da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.<br>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.<br>- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.<br>- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.<br>- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.<br>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...<br>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.<br>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.<br>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.<br>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.<br>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.<br>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. |

| Contidos |
|---|
| - Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.<br>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.<br>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.<br>- Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal.<br>- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.<br>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.<br>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas, tales como Portfolio europeo das linguas, glosarios ou dicionarios.<br>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.<br>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.<br>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.<br>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.<br>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.<br>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.<br>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.<br>- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.<br>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.<br>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

As liñas principais de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe serán:
– O traballo colaborativo coas materias lingüísticas, combinando os distintos saberes por medio de situacións de aprendizaxe contextualizadas en que o alumnado poida desen-volver as súas destrezas para a comprensión e/ou tradución da lingua latina ás linguas de ensino.

– O traballo en relación con materias non lingüísticas e humanísticas co fin de aumentar e mellorar o coñecemento sobre a cultura da Antigüidade e a reflexión sobre a súa perdu-ración ata os nosos días.
– A planificación dos obxectivos de Latín tendo en conta as posibilidades de traballo cooperativo con outras materias: Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas etc.
– A colaboración transnacional no marco dos programas europeos, traballando a cultura latina como punto de encontro das distintas realidades que conforman a actual identidade europea, para favorecer a construción dunha cidadanía europea democrática e libre de prexuízos.
– A adquisición das competencias clave que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica que permiten ao alumnado o seu máximo desenvolvemento persoal, social e formativo, e que garanten que este poida exercer unha cidadanía respon-sable e enfrontarse aos retos e desafíos do século XXI.
– A coordinación cos departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega para acordar unha nomenclatura gramatical común e evitar a confusión do alumnado ante a diversidade terminolóxica, así como a posta en común de aspectos gramaticais e a temporización e secuenciación dos contidos. Recoméndase, así pois, a actualización dos documentos do centro correspondentes.
– A coordinación con outros departamentos para o establecemento de lecturas obriga-torias e/ou voluntarias de carácter transversal.
– A experimentación con novas metodoloxías como o traballo por proxectos, a clase in-vertida (flipped classroom), aprendizaxe colaborativa, ludificación etc. Estas metodoloxías permiten maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimizan resultados e fan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado.
– A potenciación do uso das TIC, favorecendo a realización de vídeos, gravacións de son, presentacións en formato dixital, uso de aplicacións que favorezan a aprendizaxe, creación e difusión de contidos etc.

– A incorporación de métodos activos que implican as seguintes recomendacións: conformación dun corpus de vocabulario, gramática e expresións, vinculado a una serie de aspectos da vida cotiá do alumnado; introdución da expresión oral en latín adecuada ao contexto da práctica diaria na aula; elección, adaptación e/ou creación de textos adecua-dos a esa gramática, vocabulario e expresións; introdución de exercicios nos que se traba-llen a lectura e comprensión de textos latinos a través de preguntas en latín; introdución de exercicios de representación nos que o alumnado compoña e interprete pequenas escenas relacionadas coa vida cotiá en latín.
– Experimentar con outras metodoloxías como o traballo por proxectos significativos para o alumnado, a clase invertida (flipped classroom), a aprendizaxe colaborativa, a lu-dificación etc. Estas metodoloxías permiten maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimizan resultados e fan o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado reforzan-do a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| AULA VIRTUAL: Apuntamentos |
| - MÉTODOS ACTIVOS |
| a) Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; co libro correspondente de exercicios (Exercitia Latina I). |
| b) Via Latina. De lingua et uita Romanorum, de M.ª L. Aguilar e J. Tárrega, Granada, 2022. |
| c) Forum. Lectiones Latinitatis Viuae. AA.VV, Xerusalén, 2017. |
| d) Le Latin, de C. Desessard, 2015. |
| e) Curso de latín de Cambridge, editado pola Universidad de Sevilla. |
| ORDENADOR DE AULA E PROXECTOR E/OU TABOLEIRO DIXITAL |
| APLICACIÓNS OFIMÁTICAS EN ORDENADOR E/OU REDE |
| REDES SOCIAIS |

| - Latín 4º Edebé Edixgal |
|---|

- AULA VIRTUAL: A aula virtual debe ser o espazo de referencia no desenvolvemento de calquera materia, xa que nela hase recoller toda a información relevante que atinxa ao curso. Aquí deben estar a programación completa da materia, un resumo cos aspectos máis relevantes da mesma, o calendario e, sobre todo, o repositorio de recursos organizados por temas (materiais teóricos e/ou exercicios).
- ORDENADOR DE AULA E PROXECTOR E/OU TABOLEIRO DIXITAL: Estes recursos xa son comúns nas nosas aulas. Son de especial relevancia naquelas materias ou partes da materia onde non se utiliza libro de texto.
- APLICACIÓNS OFIMÁTICAS EN ORDENADOR E/OU REDE: O alumnado debe estar afeito a traballar con programas e/ou aplicacións ofimáticas que lle permitan elaborar presentación, liñas de tempo, textos con imaxes, etc. É tamén importante insistir na conveniencia de traballar, no ámbito escolar, con programas ou aplicacións de licenza libre como a suite ofimática LibreOffice. Hai tamén que incentivar a creatividade e o traballo orixinal, premiando e valorando especialmente a capacidade de creación e elaboración de traballos orixinais.
- REDES SOCIAIS: É fundamental que se dispoña dunha rede social a través da cal o alumnado poida participar e desenvolver activamente aspectos da materia. A experiencia aconselle que se traballe cunha soa rede social, evitando así a dispersión, e que esta sexa de uso habitual por parte do alumnado.
- LIBRO DE TEXTO: Edebé On Edixgal

Aquelas/es docentes que opten por un achegamento baseado nos métodos activos, poden tomar como referencia os citados nesta programación e que deseguido se comentan:
- Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; este é o 1.º libro do coñecidísimo método de aprendizaxe de latín de Hans Orberg. Trátase dun material dunha calidade perfectamente contrastada, que dispón dunha grandísima cantidade de materiais complementarios en rede e que permite ao persoal docente que o empregue compartir experiencia cun grande número de docentes tanto en España como no resto do mundo. No seu debe, porén, pódese dicir que a historia que serve de fío condutor ao libro avanza con moita lentitude e que se pode facer ás veces aburrida.
- Via Latina. De lingua et uita Romanorum, de M.ª L. Aguilar e J. Tárrega, Granada, 2022. Conservando a ortodoxia do método de Orberg, esta proposta presenta un novo tema como fío condutor dos textos, a historia de Roma. Procúrase así superar un dos grandes defectos do método do profesor danés. Ademais, a elección da historia de Roma como núcleo temático permite vincular dun modo máis acaído a explicación ou tratamento doutros tipos de contidos (por exemplo, históricos). Os textos van acompañados de todo tipo de actividades e síntese gramatical ao final de cada lección.
- Forum. Lectiones Latinitatis Viuae. AA.VV, Xerusalén, 2017. Este método, ben deseñado e traballado, procura claramente a aprendizaxe do latín como lingua de comunicación para a vida cotiá. Isto fai que traballe especialmente os diálogos, así como temas e campos semánticos moi vinculados á actualidade. É un libro que o profesorado debe coñecer, porque del pode obter un grande caudal de expresións e usos para mellorar a súa capacidade de expresión en latín na aula. En 4.º de ESO pode ser de especial utilidade na aula, se se opta por priorizar o uso activo da lingua.
- Le Latin, de C. Desessard, 2015. Esta proposta pertence á colección de métodos para aprendizaxe de linguas da editorial Assimil. Trátase dun clásico dentro dos métodos activos. É un método que o profesorado de latín debe coñecer e que poder aproveitar, especialmente, para se facer cunha grande cantidade de vocabulario para facer referencia á vida moderna.
- Curso de latín de Cambridge, editado pola Universidad de Sevilla. Trátase dunha adaptación ou versión española deste método británico. Pode ser unha moi boa opción para o profesorado que queira traballar en 1.º de bacharelato co método Orberg e que, por tanto, procure textos distintos dentro dunha mesma liña metodolóxica para 4.º de ESO.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica.

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:
Do grupo da clase
- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe.
- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular
- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Probas de avaliación inicial.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

Latín de 4º de ESO non é continuidade de ningunha outra materia. Hai que ter en conta, porén, que o alumnado ou, cando menos, parte del, pode ter cursado Cultura Clásica en 3.º de ESO. Así pois, a avaliación inicial debe ter como obxectivos:
1.º Detectar e/ou confirmar que alumnado cursou en 3.º ESO Cultura Clásica. ( 0)
2.º Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (esta información será contrastada posteriormente co Departamento de Orientación).
3.º Coñecer cales son as motivacións que levaron ao alumnado a escoller a materia de Latín.
4.º Coñecer cal é o grao de conectividade a internet fóra do centro.
5.º Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e cultura romana.

Para alcanzar estes obxectivos a/o docente debe elaborar un test ou proba que o alumnado debería completar nunha das primeiras sesións. En función do número de alumnado, partes deste test ou proba poden ser substituídas por un diálogo informal na aula, do que a información máis salientable debe ser recollida por escrito. Os datos e información obtida nesta avaliación inicial deben servir para modificar ou adaptar a programación ás circunstancias concretas do grupo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **Total** |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **25** | **35** | **40** | **100** |
| **Proba escrita** | 71 | 69 | 74 | **72** |
| **Táboa de indicadores** | 29 | 31 | 26 | **28** |

**Criterios de cualificación:**

CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS
Obterase da seguinte maneira:
70% Probas escritas que hanse adaptar aos contidos e criterios das subunidades leccionadas cada avaliación. Realizaranse como mínimo un exame por avaliación. De seren dous, ao tratarse dun avaliación progresiva, o primeiro terá, como mínimo, un valor dun 40% e o segundo, como máximo un 60%.
30% Táboa de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

CUALIFICACIÓN FINAL
Media ponderada das tres avaliacións tendo en conta o peso das unidades que conforman cada trimestre;
1.ª avaliación achega o 25 % da cualificación final.
2.ª avaliación achega o 35 % da cualificación final.
3.ª avaliación achega o 40 % da cualificación final.
Así pois a fórmula final é:
(1.ª av. x 0,25) + (2.ª av. x 0,35) + (3.ª av. x 0,40)
Nótese que o multiplicador corresponde ao peso correspondente do conxunto de UD que integran cada avaliación.
IMPORTANTE

1. As cualificacións que se han utilizar para o cálculo da cualificación final han ser as reais obtidas da aplicación das fórmulas matemáticas e non os enteiros que por lei deben aparecer no boletín.
2. Todas as cualificacións que cheguen na súa aproximación decimal a 5 ou pasen de 5, poderán ser redondeadas no seguinte enteiro, sempre e cando a persoa docente considere que esta aproximación ha redundar nun beneficio para o alumando (exemplo: unha alumna que ten como media da 1.ª avaliación 6,57 poderá ter no boletín un 7, se así o considera oportuno a persoa docente, mais tendo en conta que para efectos de medias a que realmente se vai empregar é 6,57). Isto tamén rexe para a cualificación final.
3. No caso de que a cualificación da 3.ª avaliación sexa superior á da 2.ª, tendo en conta que os contidos lingüísticos son obxecto de avaliación progresiva, procederase a substituír na fórmula a cualificación orixinal da 2.ª avaliación pola da 3.ª.
ACLARACIÓNS:
1. As cualificacións que se han utilizar para o cálculo da cualificación final han ser as reais obtidas da aplicación das fórmulas matemáticas e non os enteiros que por lei deben aparecer no boletín.
2. Todas as cualificacións que cheguen na súa aproximación decimal a 5 ou pasen de 5, poderán ser redondeadas no seguinte enteiro, sempre e cando a persoa docente considere que esta aproximación ha redundar nun beneficio para o alumando (exemplo: unha alumna que ten como media da 1.ª avaliación 6,57 poderá ter no boletín un 7, se así o considera oportuno a persoa docente, mais tendo en conta que para efectos de medias a que realmente se vai empregar é 6,57). Isto tamén rexe para a cualificación final.
3. Dado que as cualificacións das avaliacións virán conformadas polos logros acadados no tratamento dos contidos lingüísticos e tendo en conta que estes contidos son de avaliación progresiva é moito importante a aplicación do principio de prevalencia da cualificación posterior sobre a anterior. Así, se unha alumna, por exemplo, na 1.ª avaliación obtén unha cualificación de 5,25 e na 2.ª de 6,25, pasará a ter automaticamente 6,25 na 1.ª, dado que, de non ser así, a cualificación final non se conformaría sobre o que realmente sabe a alumna ao final de curso. Isto conleva que no caso de que a cualificación obtida na 3.ª avaliación sexa superior ás das dúas anteriores, será esta a única que se teña en conta á hora de facer as medias para a cualificación final.
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1. Probas escritas.
As probas escritas hanse adaptar aos contidos das unidades didácticas que se avalíen. Realizaranse como mínimo un exame de contidos lingüísticos por avaliación. De seren dous, ao tratarse dun avaliación progresiva, o primeiro terá un valor dun 40% e o segundo do 60%.
2. Táboa de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

**Criterios de recuperación:**

O alumnado que ao final de cada avaliación non obteña en aplicación das fórmulas previamente expostas unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, será obxecto dun programa de recuperación específico.
O alumnado recibirá un breve informe cos obxectivos non alcanzados na avaliación, o procedemento para os recuperar (ben mediante proba, ben mediante traballo e/ou exercicios) e as datas para a realización das probas e/ou entrega dos traballos e/ou exercicios. No caso de que a avaliación non superada sexa a 2.ª, o alumnado recibirá un plan de traballo específico servindo as probas da 3.ª para a recuperar.

No caso de que unha/un alumna/o non aprobe o curso na convocatoria ordinaria, recibirá un breve informe no que se detallen os obxectivos non alcanzados, o procedemento para os recuperar e as datas para a realización das probas e/ou entrega dos traballos e/ou exercicios.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade ordinarias.
En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención ordinarias á diversidade, entre outras, poden ser:
- Colocación selectiva do alumnado dentro da aula.
- Agrupación específica do alumnado dentro da aula.
- Asignación diferenciada de tarefas entre o alumnado.

Medidas de atención á diversidade extraordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención extraordinarias á diversidade máis frecuentes poden ser:
- Elaboración dunha adaptación curricular individualizada.
- Reforzo educativo mediante a adaptación de exames, actividades ou tempos en función das necesidades do alumnado.

O alumnado que curse de novo 4.º de ESO, será obxecto dun plan específico personalizado no que, a partir dunha valoración das súas necesidades específicas de apoio educativo, hanse especificar, de ser o caso, unhas medidas concretas de actuación e o seu seguimento.

A atención á diversidade estará en todo caso coordinada co resto do equipo educativo e, en particular, co Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. | X | X | X |
| ET.2 - A comunicación audiovisual. | | X | X |
| ET.3 - A competencia dixital. | X | X | X |
| ET.4 - O emprendemento social e empresarial. | X | X | X |
| ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico. | X | X | X |
| ET.6 - A educación emocional e en valores. | X | X | X |
| ET.7 - A igualdade de xénero. | | X | X |
| ET.8 - A creatividade. | X | X | X |

**Observacións:**

1. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. Será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto na lingua propia do alumnado como en latín. 2. A comunicación audiovisual. Pódese traballar especialmente nas UD de legado e de lingua latina, mediante a proposta de actividades nas que o produto final sexan materiais audiovisuais. 3. A competencia dixital. Hase traballar durante todo o curso fomentando o uso de programas e aplicacións ofimáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro. 4. O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente na UD1, na que se tocan aspectos sociais e económicos da sociedade romana. 5. O fomento do espírito crítico e científico. Débese traballar durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano. 6. A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións das/os que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula. 7. A igualdade de xénero. Especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura (UD nas que se debe incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana), este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamente e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo. 8. A creatividade. Ten cabida en todas as UD propostas, xa que é misión da/o docente incentivar en calquera eido da materia o desenvolvemento da creatividade e iniciativa do alumnado.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Asistencia ao festival de teatro clásico | O alumnado asistirá á representación dunha obra grega clásica e dunha comedia romana. | | X | |
| Visitas á biblioteca do centro | Obradoiros e actividades relacionados co mundo clásico na biblioteca | X | X | X |
| Conmemoracións | Recollidas no calendario da Biblioteca ou en calquera dos Proxectos que participa a docente | X | X | X |
| Ludi Compostellani | Talleres do mundo latino | | X | |

**Observacións:**

- Teatro. A asistencia ao teatro é unha actividade que permite traballar a un mesmo tempo distintos aspectos da materia. Por unha banda, o alumnado asiste a dúas representacións teatrais que, como espectáculo vivo, vai desencadear nel reaccións diversas; dende o rexeitamento e o aburrimento, ata o interese e paixón por un espectáculo, o teatro, que cada vez é menos accesible. Ao mesmo tempo vai permitir traballar previamente na aula unha serie de contidos do máximo interese para a propia materia: o espectáculo teatral na antigüidade, os xéneros teatrais do mundo clásico e a súa influencia e pervivencia no mundo actual e os costumes, crenzas, valores, sociedade, etc. do mundo clásico.
- Obradoiros e actividades de recreación do mundo clásico. Este tipo de actividades permiten un achegamento máis distendido é práctico ao mundo antigo, dado que o alumnado non soamente ve, senón que tamén pode aprender dun modo práctico aspectos do mundo antigo tan interesantes e relevantes para a nosa tradición cultural como, por exemplo, a escritura sobre soportes como papiro e pergameo, etc. As visitas á biblioteca do centro estarán vinculadas ás actividades propostas pola mesma durante este curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |

| |
|---|
| 1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. |
| Metodoloxía empregada |
| 3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. |
| Medidas de atención á diversidade |
| 4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. |
| Clima de traballo na aula |
| 5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación. |

**Descrición:**

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas así como as súas causas deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis ca persoa docente é alto e responde ao previsto na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que

o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.
Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer, cando menos, unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.
Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:
a. Resultados académicos do grupo.
b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

## 9. Outros apartados